

EXP. 498/2026

SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE

CERTIFICO

Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense na sesión ordinaria que tivo lugar o 03.08.2026 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“ 5.- Aprobación, se procede, da proposta de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria para o 2026 de bolsas a deportistas excelentes do Consello Municipal de Deportes (Exp. 498/2026).

(...)

1.- Aprobación das bases reguladoras da convocatoria pública de bolsas a deportistas excelentes do Consello Municipal de Deportes que se recollen no documento electrónico que forman parte do expediente núm. 498/2026.

2.- Aprobación da convocatoria pública para o ano 2026 de bolsas para a mellora e perfeccionamento de deportistas que destaquen, na súa participación en competicións oficiais de carácter individual, en competicións por parellas ou relevos ou que participen coas seleccións autonómicas e/ou nacionais en competición oficial nas distintas modalidades deportivas recoñecidas durante o ano 2025.

3.- Autorizar o gasto polo importe de TRINTA MIL EUROS (30.000 €) con cargo á aplicación 3410-48000 do orzamento do Consello Municipal de Deportes vixente (RC núm. 202600003735).

4.- Remitirlle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense, co seguinte contido:

Extracto do acordo da convocatoria pública de bolsas a deportistas excelentes do Consello Municipal de Deportes de Ourense para o ano 2026 (Exp. 498/2026)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>)

Primeiro. Beneficiarios

Poderán beneficiarse das bolsas previstas nesta convocatoria os deportistas que reúnan os seguintes requisitos na data de publicación do extracto de convocatoria no BOP:

- 1. Estar inscrito no padrón municipal de habitantes do Concello de Ourense.*
- 2. Dispoñer de licenza en vigor pola Federación Deportiva Galega da modalidade deportiva na que se solicita a axuda. No caso de modalidades deportivas non integradas en federacións deportivas galegas, será considerada a licenza estatal.*
- 3. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.*
- 4. Non estar incurso en causa de exclusión ou prohibición das contempladas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*



5. Manter os anteriores requirimentos cando menos ata a data de pagamento da bolsa.

Segundo. Obxecto

A concesión de bolsas para a mellora e perfeccionamento de deportistas que destaquen, na súa participación en competicións oficiais de carácter individual, en competicións por parellas ou relevos ou que participen coas seleccións autonómicas e/ou nacionais en competición oficial nas distintas modalidades deportivas recoñecidas e cumpran os requirimentos e obrigas impostos nas presentes bases. Para os efectos do previsto no artigo 8 das bases reguladoras da convocatoria en canto ó período subvencionable e aplicación da táboa de baremación recollida no anexo I das bases, tomaranse en consideración os resultados obtidos durante o ano 2025.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases que regulan a convocatoria serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estarán á disposición dos interesados na sede electrónica do Consello Municipal de Deportes de Ourense (<https://deportesourense.sedelectronica.gal>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarto. Contía

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48000 do orzamento do CMD para o exercicio económico 2026 polo importe máximo de 30.000 €.

Este importe poderá ser ampliado no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución, sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

No caso de que o importe total das solicitudes a conceder supere o crédito dispoñible e/ou o crédito non poida ser ampliado, procederase a un axuste rateado dos importes a conceder ata axustarse ó crédito asignado na convocatoria.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no prazo de **1 mes** a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de forma telemática a través do rexistro da sede electrónica do CMD <https://deportesourense.sedelectronica.gal> a través do trámite electrónico que se habilite ó efecto ou na oficina auxiliar de rexistro do Consello Municipal de Deportes situada na Avda. Pardo de Cela núm. 2, no formulario normalizado que se facilitará nas dependencias administrativas do CMD.

5.- *Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal de Instancia de Ourense, Sección do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.*

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do Sr. Presidente do Consello Municipal de Deportes en Ourense na data de sinatura electrónica.





A secretaria

Visto e prace
O presidente

Aníbal Pereira Novoa

Documento asinado electronicamente

